




PRESENCIA
SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE

Estadio Multiusos de San Lázaro - 15890 SANTIAGO DE COMPOSTELA - Teléfono 54 26 20 - Telefax 54 26 38



Con data 23-08-94 procedéronse a anotar no Rexistro de Clubes da Xunta de Galicia as modificacións efectuadas nesa entidade deportiva que ó pe do escrito se sinalan cun asterisco.

O que se lle notifica para a súa información e efectos oportunos.

Santiago, 23 de agosto de 1994

O XEFE DO NEGOCIADO DE REXISTRO DE CLUBES

JUAN JOSÉ REDONDO LAGO



Clube: Sociedade Deportiva Pacios

Nº de rexistro: 2028

Cambio do enderezo social.

Modificación da xunta directiva.

* Cambio de denominación: Anterior: Agrupación Deportiva Cobos de Pacios.
Nova: Sociedade Deportiva Pacios.

Creación de seccións deportivas.

Modificación de estatutos.



PRESIDENCIA

SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE

DILEXTO, para a súa información, que a presente resolución foi publicada no Boletín Oficial do Estado, coa condición de resolución orixinal, coa condición de resolución.

Lugo, 24 de agosto de 1994

O FUNCIONARIO,



XUNTA DE GALICIA	
PRESIDENCIA	
Secretaría Xeral para o Deporte	
Entrada	
Salida	2028
Data	24-08-94

SR. PRESIDENTE DA SOCIEDADE DEPORTIVA PACIOS - BEGONTE (LUGO)



Agrupación Deportiva

"Cobos"

Pacios - Begonte (Lugo)

D. Fernando López Díaz, Secretario de la Agrupación Deportiva Cobos.

CERTIFICO: Que con fecha 07 de julio del año en curso, se ha celebrado por esta Agrupación deportiva, una Asamblea general extraordinaria en la que figuraba como único punto del orden del día, el cambio de denominación de la susodicha Agrupación y, habiendo asistido el quorum suficiente se ha resuelto por unanimidad aprobar la propuesta de la Junta Directiva, la cual consistía en que a partir de la fecha se modifica el nombre de Agrupación Deportiva Cobos por el de "SOCIEDAD DEPORTIVA PACIOS".

Para que conste donde proceda, expido la presente en Pacios-Begonte a diecinueve de julio de mil novecientos noventa y cuatro.

[Handwritten signature]



PRESIDENCIA

SECRETARIA XERAL PARA O DEPORTE

DILIXENCIA. - Para constar que a presentada foi recibida e se deu o seu original, co que cede a responsabilidade.

Lugo,

24 IV 1997

O FUNCIONARIO,

[Handwritten signature]



XUNTA
DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA
PRESENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

Entrada.....
Saída..... 30/10
Data..... 9 DIC 1997

PRESENCIA

SECRETARIA XERAL PARA O DEPORTE

Subdirección Xeral de Deportes

Estadio Multiusos de San Lázaro - 15890 SANTIAGO DE COMPOSTELA - Teléfono 54 26 03 - Telefax 54 26 38

Presentado en data 03/12/1997 escrito formulado por vostede solicitando a modificación que se sinala máis abaixo, do clube que representa, comunícolle que en data 5 de decembro de 1997 procedeuse a anotar no Rexistro de Clubes da Xunta de Galicia a modificación solicitada.

O que se lle notifica para a súa información e efectos.

Modificación xunta directiva

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 1997


**SECCION DE REXISTRO DE CLUBES E
ASUNTOS XURÍDICOS**

[Signature]

Asdo: Belarmino García Martínez

Sr. Presidente da Sociedade Deportiva Pacios

AGRUPACION DEPORTIVA.....COBOS



ESTATUTOS



PRESIDENCIA

SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE

DILIXENTE: [Signature] que a
presidencia do goberno de Galicia
orixinal, a que se refire o presente.

Lugo, 24 NOV 1997
O FUNCIONARIO,

[Signature]

CAPITULO 1º

Da entidade



Art. 1.- A Agrupación Deportiva é unha Asociación privada con personalidade xurídica e capacidade de obrar, que ten por obxecto exclusivo o fomento e práctica de actividades físico-deportivas, non limitadas a un sólo ámbito, modalidade ou disciplina, sen ánimo de lucro.

Art. 2.- A Agrupación Deportiva COBOS se constitúe ó amparo da Lei 13/1980 de marzo Xeral da Cultura Física e Deportes e de canto dispón o Real Decreto 1697/1982 de 18 de xuño sobre Agrupación Deportivas.

Art. 3.- Son fins da Agrupación:

- Desenrolar actividades físico deportivas entendidas na liña do deporte para todos e do tempo libre.
- Fomentar, promocionar e divulgar a idea do exercicio físico e do deporte en xeral, pois recoñece que son un medio ó servizo do pleno desenvolvemento da persoa.
- Colaborar con outras entidades u organismos na organización de actividades do deporte de base.

Art. 4.- Se entenden ligados por especiais vínculos a fin de integrarse na Agrupación Deportiva COBOS

a. *Todoles Veciños de Pacios (Befonte), e
aficionados o deporte en xeral.*

Art. 5.- A Xunta Directiva poderá acorda-la creación de tantas seccións deportivas, como modalidades específicas se practiquen na Agrupación. Para tomar parte nas competicións das respectivas Federacións deportivas, deberán adscribirse ás mesmas, séndolle de aplicación os Estatutos, Reglamentos e demais disposicións de éstas.

Art. 6.- O domicilio social se fixa en ...Co.Bo.3.32...Pacios...
...(Bequite)..., debendo dar conta á Dirección Xeral de =
Xuventude e Deportes da Xunta de Galicia en caso de variación.

Art. 7º.- O ámbito de actuación da Agrupación é comarcal (Pacios).sin ser per-
xuicio de integrarse en organizacións de ámbito territorial superior,
se así se acordara.

CAPITULO 2º

Dos socios

Art. 8º.- O número de socios será ilimitado, coa soa condición de que se dean =
os vínculos sinalados no artigo cuarto. A Xunta Directiva poderá sus-
pender, sen embargo, a admisión de novos socios temporalmente, cando
a falta de espazos ou capacidade das instalacións así o aconselle.

Art. 9º.- A Agrupación se compondrá das seguintes clases de socios: de honra, =
de número e eventuais.

- a) Serán socios de Honra, aquelas persoas a quen a Xunta Directiva =
confiera polos seus relevantes méritos esta distinción. Tendrán un
posto de preferencia nos actos oficiais da Agrupación.
- b) Serán Socios de Número, os que previa solicitude sexan admitidos =
pola Xunta Directiva e satisfagan a cuota.
- c) Serán Socios Eventuais, os que circunstancialmente participen nas
actividades da Agrupación e satisfagan a cuota de inscrición que
se estableza.

Os socios de número gozarán da plenitude de dereitos que con- =
fieren os presentes Estatutos, sendo todos eles membros da Asámblea=
Xeral, na que solo poderán exercer dereito de voto os maiores de ida-
de e os representantes legais dos menores de idade.

Art. 10º.- Os socios de Número terán os seguintes dereitos:

- a) Participar no cumprimento dos fins específicos da Agrupación.
- b) Esixir que a actuación da Agrupación se axuste ó disposto na Lei
Xeral de Cultura Física e do Deporte, as suas normas de desenvolvemento
e ás disposicións estatutarias específicas.
- c) Separarse libremente da Agrupación
- d) Coñecer-las suas actividades e examina-la súa documentación.
- e) Ser elector e elexible para os órganos de representación e gober-
no sempre que haxan cumprido a idade de 18 anos e teñan plena ca-
pacidade de obrar.

PRESIDENCIA

DELIXITADO, FOLIO 1º, que a
presente Xunta Xeral para o
origina, coa súa competencia
24 NOV. 1997

O FUNCIONARIO,





Artº 11.- Se establece o principio da igualdade de tódolos asociados sen discriminación por raza, sexo, relixión, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancias persoal ou social.

Artº 12.- Son obrigacións dos Socios de Número, ademais das de carácter xurídico, político e económico que se desprende dos presentes Estatutos e Reglamentos que se desenrolen, o acatamento ós mesmos e ós acordos = que adopten os seus órganos de goberno, así como a difusión e práctica da actividade física e deportiva que constitúe o obxecto social, e abona-las cuotas establecidas.

Artº 13.- Para ser admitido como socio, en calquera das modalidades, será necesario:

- a) Reuni-las condicións sinaladas para cada unha delas.
- b) Solicitalo por escrito á Xunta Directiva.
- c) Satisface-la cuota de ingreso correspondente.

Artº 14.- A condición de socio pérdese:

- a) Por vontade propia
- b) Por falta de pago das cuotas sociais establecidas
- c) Por acordo da Xunta Directiva, fundado en faltas de carácter grave, previa audiencia do interesado, que haberá de ser ratificado en la primeira Asamblea Xeral que se celebre.

CAPITULO 3º

Dos órganos de representación, goberno e administración

Artº 15.- A Agrupación estará rexida polos seguintes órganos de goberno:

- a) A Asamblea Xeral
- b) A Xunta Directiva
- c) A Presidencia

A ASAMBLEA XERAL

Artº 16.- A Asamblea Xeral é o órgano supremo de goberno da Agrupación. Estará integrada por tódolos socios de número e polos representantes legais de tódolos asociados que non gocen deste dereito.

Se o número de integrantes non excedera de 2000 poderán intervir directamente, os socios de número e os representantes legais.

Se se sobrepasa dita cifra, a participación na Asamblea farase polo procedemento de compromisarios, elixíndose por sufraxio igual, libre, directo e segredo 33 representantes por unidade de millar ou fracción.



PRESIDENCIA



Don R. ... que a
presidencia ...
ordenado, etc.

Lugo, 24 NOV 1997
O FUNCIONARIO,



Os socios candidatos deberán ser representados con 15 días de antelación á data de elección, acompañándose a expresa aceptación de tales candidatos.

Se o número de candidatos non chegara á cifra de 33 por millar, a diferencia existente será subsanada, polo sistema de turno rotatorio por sorteo entre socios, quedando excluídos de sucesivos sorteos os que saliran elixidos por tal sistema en mandatos anteriores.

O mandato dos socios-representantes será de 2 anos, debendo por tanto, intervir en tódalas Asambleas Xerais, tanto Ordinaria como Extraordinarias que se celebren no periodo para o que foran elixidos.

Art. 17.- Corresponde á Asamblea Xeral:

- a) Elexir Presidente e membros da Xunta Directiva, mediante sufraxio persoal, libre, directo e segredo de tódolos socios con dereito a voto.
- b) Discutir e aprobar, se procede, a memoria anual, a liquidación do exercicio social, o balance e a rendición de contas.
- c) Aproba-lo presuposto de ingresos e gastos.
- d) Coñecer, discutir e aprobar, no seu caso, as propostas da Xunta = Directiva.
- e) Estudiar e resolve-las proposicións formuladas polos socios, (coa debida antelación), e que deberán ir asinadas como mínimo polo 5% dos mesmos.
- f) Sinala-las condicións e formas de admisión de novos socios e acordar a contía da cuota que satisfarán os asociados.
- g) Elabora-los Reglamentos de Réxime Interior da Agrupación, así como propoñe-las modificacións dos mesmos e dos presentes Estatutos.
- h) Dispoñer e enaxena-los bens da Agrupación, tomar diñeiro a préstamo e emitir títulos transmisibles representativos de deudas.
- i) Crear servizos en beneficio dos asociados.
- j) Coñecer e ratifica-las altas e baixas dos asociados.

Os apartados a), f), g) y h), serán de competencia de Asamblea Xeral Extraordinaria.

Art. 18.- As Asambleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán válidamente constituídas en primeira convocatoria cando concorreran en ela, presentes o representados a maioría dos seus socios de número. Se en segunda convocatoria non concorrera a cuarta parte dos membros da Asamblea, procedérase a unha terceira e derradeira convocatoria, tanto se é ordinaria coma extraordinaria, calquer que sexa



Lugo, 24 NOV 1997
O FUNCIONARIO,

PRESIDENCIA
SECRETARIA XERAL PARA O DEPORTE

DILIX 11/10/97 - Para facer constar que a presentación do documento que se acompaña é o original, co que concorda o presente.



o número de membros presentes.

Art. 19.- A Asamblea Xeral deberá convocarse, en sesión ordinaria, ó menos unha vez ó ano, e en sesión extraordinaria, cando así o considere a Xunta Directiva ou o soliciten un mínimo do 10% dos socios membros da mesma, e sempre quince días hábiles antes da data de celebración.

A XUNTA DIRECTIVA

Art. 20.- A Xunta Directiva como órgano de Goberno da Entidade, executará os acordos adoptados pola Asamblea Xeral e exercerá as funcións que este Estatuto lle confiere. Estará formada por un número de membros non inferior a 5 nin superior a 20, ó fronte do que estará un Presidente e da que formarán parte un vocal por cada unha das posibles seccións deportivas federadas. O vicepresidente, secretario e tesoureiro, serán elixidos polos vocais entre os que ostenten esta condición.

Art. 21.- En especial corresponde á Xunta Directiva:

- a) Dirixi-la xestión da Entidade velando polo cumprimento do seu obxecto social.
- b) Crea-las Comisións ou Grupos de Traballo que considere necesarias.
- c) Nomea-las persoas que dirixiran as distintas comisións ou áreas de participación, así como organizar tódalas actividades deportivas da Agrupación.
- d) Formula-lo inventario, balance e memoria anuais que haxan de someterse á aprobación da Asamblea.
- e) Redactar ou reforma-lo Regulamento de Réxime Interior, fixando as normas de uso das instalacións e tarefas correspondentes.

Art. 22.- Tódolos cargos desta Xunta Directiva serán elixidos pola Asamblea Xeral, mediante sufraxio libre e segredo, tendo unha duración de 4 anos, renovándose por metade cada dous anos, de maneira que a primeira non alcance ó Presidente, un Vicepresidente e Tesoureiro. Tódolos cargos directivos serán reelegibles.

Art. 23.- A Xunta Directiva quedará válidamente constituída cando asistan, ó menos, o Presidente ou un Vicepresidente e a metade dos restantes membros.

Art. 24.- A Xunta Directiva será convocada polo seu Presidente con dous días de antelación, como mínimo, á data de celebración. Tamén poderá ser convocada a petición de tres ou máis dos seus membros.



PRESIDENCIA

SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE

DILIX N.º 1.- Paga fisco que a
presidencia do deporte de Lugo
original, co que concorda o fisco.

Lugo, 24 de novembro de 1997

O FUNCIONARIO,

[Handwritten signature]



Art. 25.- A Xunta Directiva quedará válidamente constituída cando esten presentes tódolos seus membros, aínda que non mediara convocatoria previa.

Art. 26.- O Secretario coidará do arquivo da documentación, redactará cantos = documentos afecten á marcha administrativa da Agrupación e levará o Libro de Rexistro de Asociados e Libro de Actas.

Art. 27.- O Tesoureiro será o depositario da Agrupación, asinará os recibos e autorizará os pagos e levará os libros de contabilidade. Durante o primeiro mes de cada ano formalizará un balance de situación e as = contas de ingresos e gastos, que se poñerán en coñecemento de tódolos asociados.

A PRESIDENCIA

Art. 28.- O Presidente e no seu defecto calquer dos vicepresidentes, é o representante legal da Agrupación e presidirá a Asamblea Xeral e a = Xunta Directiva, decidindo co seu voto de calidade os casos de empate e exercerá as funcións específicas que o Regulamento e a Asamblea Xeral lle confieran.

CAPITULO 4º

DO REXIME ECONOMICO FINANCIERO

Art. 29.- No momento da creación desta Agrupación Deportiva o patrimonio fundacional é a aportación inicial dos socios fundadores e no futuro estará integrado por:

- a) As aportacións económicas dos socios, que aproba a Asamblea Xeral de acordo ás normas establecidas no regulamento interior.
- b) As donacións ou subvencións que reciba.
- c) Os resultados económicos que produzan os actos que organice a entidade.
- d) As rendas, froitos ou intereses do seu patrimonio.

Art. 30.- Queda expresamente excluído como fin da agrupación o ánimo de lucro e non poderá destinalos seus bens a fins industriais, comerciais, = profesionais ou de servicios, nin exercer actividade de igual carácter coa finalidade de repartir beneficios entre os seus socios.



PRESIDENCIA

SECRETARIA XERAL PARA O DEPORTE

DILIXIT H. C. A. - Para facer constar que
presente, de acordo coa compulsa do
original, do que concorda o elemento.

Lugo,

24 NOV 1997

3 FUNCIONARIO,



[Handwritten signature]

A totalidade dos seus ingresos deberán aplicarse ó cumprimento dos seus fins sociais. Cando se trate de ingresos procedentes de competicións ou manifestacións deportivas dirixidas ó público, estes beneficios deberán aplicarse exclusivamente ó fomento e desenvolvemento das actividades físicas e deportivas dos socios. Cando os ingresos procedan de subvencións recibidas con cargo ós presupostos do Consello Superior de Deportes, o control dos gastos imputables a eses fondos corresponde a aquel Organismo, sen perxuício das funcións que corresponden á Intervención Xeral da Administración do Estado.

Art. 31.— Poderá graver e enaxenar os seus bens inmobles, tomar diñeiro a préstamo e emitir títulos transmisibles representativos de deuda ou parte alícuota patrimonial sempre que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Que sexan autorizadas tales operaciones por maioría de 2/3 na =
Asamblea Xeral Extraordinaria.
- b) Que ditos actos non comprometan a modo irreparable ó patrimonio =
da Agrupación ou á actividade físico-deportiva que constitúe o =
seu obxecto social. Para a adecuada xustificación deste extremo po =
derá esixirse, sempre que o soliciten un 5%, ó menos, dos asocia =
dos, o oportuno dictámen económico-actuarial.
- c) Cando se trate de tomar diñeiro a préstamo en contía superior ó =
50% do presuposto anual da Agrupación ou que represente un porcen =
taxe igual do valor do patrimonio, así como nos supostos de emi =
sión de títulos requirirá a aprobación do Consello Superior de De =
portes.

O produto obtenido da enaxenación de instalacións deportivas ou dos terreos en que encontren, deberá invertirse íntegramente na =
adquisición, construción ou mellora de bens da mesma natureza.

Art. 32.— Os títulos de deuda ou de parte alícuota patrimonial que emita a Agrupación serán nominativos.

Os títulos se inscribirán nun libro que levará ó efecto a Agrupación na que se anotarán as sucesivas transferencias.

En tódolos títulos constarán o valor nominal, a data de emisión e, no seu caso, o interese e prazo de amortización.

Art. 33.— Os títulos de deuda solo poderán ser suscritos polos socios, e a súa posesión non conferirá dereito algún especial salvo a percepción dos intereses establecidos conforme á lexislación vixente.



DILEXIT... que a
presidencia...
originais, que se enchen de...
Lugo, 24 NOV 1997
O FUNCIONARIO,



Os títulos de parte alícuota patrimonial serán asímesmo suscritos polos socios. A condición de socio non está limitada a quen se encontren en posesión de tales títulos, non se conferirá ós seus poseedores algún dereito especial. En ningún caso, estes títulos darán dereito á percepción de dividendos ou beneficios.

Os títulos de deuda ou parte alícuota patrimonial serán transferibles de acordo cos requisitos e condicións que, en cada caso, estableceza a Asamblea Xeral.

CAPITULO 5º

DO REXIME DOCUMENTAL DA AGRUPACION

Art. 34.- Integrará o réxime documental e contable da agrupación:

- a) O libro de Rexistro de Socios, no que constará os seus nomes e apelidos, o número do D.N.I. profesión e, no seu caso, cargos de representación, goberno ou administración que exerza na Agrupación. O libro de Rexistro de socios tamén especificará as datas de altas e baixas, e as de toma de posesión e cese dos cargos aludidos.
- b) Os libros de actas consignarán as reunións que celebre a Asamblea Xeral e a Xunta Directiva, con expresión da data, asistentes, asuntos tratados e acordos adoptados. As actas serán suscritas, en todo caso, polo Presidente e Secretario do órgano colegiado.
- c) Os libros de contabilidade nos que figurarán tanto o patrimonio como os dereitos e obrigacións, e ingresos e gastos da agrupación, debendo precisarse a procedencia de aqueles e a inversión ou destino de éstos.
- d) O balance da situación e as contas dos seus ingresos e gastos que a Agrupación deberá formalizar durante o primeiro mes de cada ano e que poñeran en coñecemento de tódolos seus socios.
- e) Todos aqueles auxiliares que consideren oportunos para un mellor desenvolvemento do seus fins.

CAPITULO 6º

ESTATUTOS, REGLAMENTOS E DISOLUCION DA AGRUPACION

Art. 35.- Os presentes Estatutos serán desenvolvidos nun Regulamento Interior no que en canto non se opoña á normativa vixente de carácter deportivo, e de conformidade cos preceptos dos Estatutos.

Art. 36.- Os presentes Estatutos e o Regulamento só poderán ser modificados,



24 NOV 1997
O FUNCIONARIO

Lugo






reforzados e derogados, na Asamblea Xeral Extraordinaria convocada ó efecto, mediante acordo que deberá adoptarse en votación cualificada de 2/3 dos socios de número asistentes. En caso de que a modificación ou reforma sexa a consecuencia de disposicións dos órganos superiores deportivos, queda facultada a Xunta Directiva para dicta-las normas provisionais de aplicación que refrendará a Asamblea na primeira reunión que celebre, adecuándose en todo caso ó Real Decreto que desenvola a Lei de Cultura Física en canto se refira ás Agrupacións Escolares.

Art. 37. - A Agrupación se extinguirá ou disolverá a proposta da Xunta Directiva por unanimidade de tódolos seus membros, mediante acordo adoptado en votación cualificada de 2/3, pola Asamblea Xeral Extraordinaria que se celebre a tal fin.

Art. 38. - En caso de disolución, o seu patrimonio neto revertirá á colectividade e a tal fin se comunicará tal disolución ó Consello Superior de Deportes que acordará o destino de ditos bens para o fomento e desenvolvemento das actividades físico-deportivas e na forma que determinen as disposicións legais aplicables.



DILIX... Para... que a
presente... do seu
orixinal, co que concorda a...
Lugo, 24 NOV 1997

O FUNCIONARIO,



ASENTO DE PRESENTACION

False constar que os Estatutos *Agrup. Dep. Lobos de Pacios*
 co domicilio en *Pacios* Localidade *Begonte*
 Provincia *Lugo* de pertencente á Federación

foron presentados no
 día da data no Rexistro de Clubes, Federaci3ns e Entidades deportivas
 da Direcci3n Xeral de Deportes da Xunta de Galicia para o seu exame
 e aprobaci3n, se procede.

Santiago, *27* de *Marzo* de 19 *89*
 O XEFE DO REXISTRO,



DILIXENCIA: Ext3ndoa para facer constar que os presentes Estatutos da
"Agrupaci3n Deportiva Lobos de Pacios"
 rexistrada co n.º *2028*

foron aprobados de conformidade co disposto no Decreto n.º 82/1983,
 do 21 de Abril, publicado no Diario Oficial de Galicia n.º 47, de data
 13 de Maio de 1983.

Santiago, *6* de *Abril* de 19 *89*
 O XEFE DO REXISTRO,



PRESIDENCIA

SECRETARÍA XERAL PARA O
 DEPORTE

DILIXENCIA: -- Para facer constar que a
 presente copia concorda coa do seu
 orixinal, co que concorda fielmente.

Lugo, *24 NOV. 1997*
 O FUNCIONARIO,

[Signature]



